



**Resolución da Axencia Galega de Infraestructuras pola que se aproba o expediente de información pública do proxecto de construción: "Itinerario peonil e ciclista na OU-402, treito Reza. P.Q. 1+090 - 3+780", de clave: OU/16/270.06, así como o proxecto de construción: "Fomento da mobilidade sostible. Nova senda na OU-402. Treito: Reza. PP.QQ. 1+090-3+780", de clave OU/19/135.06.1**

#### ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro. A Axencia Galega de Infraestructuras elaborou, con base na Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia, o documento "Estratexia para o fomento da Mobilidade Sostible na Comarca de Ourense e concellos limítrofes", con clave OU/17/034.06.

Segundo. No *DOG* núm. 65, do 4 de abril de 2018, publicouse o Anuncio do 21 de marzo de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto "Itinerario peonil e ciclista na OU-402, treito Reza. P.Q. 1+090 - 3+780", de clave: OU/16/270.06, para os efectos do establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo citado proxecto, para os efectos do previsto no artigo 56.1 do Regulamento da lei de expropiación forzosa, aprobado polo Decreto de 26 de abril de 1957.

Terceiro. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes, e no trámite de información pública formuláronse alegacións polas persoas interesadas. A todas elas déuselles resposta motivada, segundo figura no informe que consta no expediente, que lle foi notificado ás administracións ás que se lles deu trámite de informe e aos particulares que presentaron alegacións.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- A Conselleira de Infraestructuras e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informe das administracións afectadas, así como aprobar definitivamente os estudos informativos ou, de ser o caso, os anteprojectos ou proxectos que asuman a súa función segundo o previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestructuras e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da

dirección da Axencia Galega de Infraestructuras, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (*DOG* n.º 179, do 20 de setembro).

Segundo.- O artigo 21.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece que transcorridos os prazos dos trámites de información pública e informe das administracións afectadas e recibidas as alegacións e informes presentados, darase resposta motivada ás alegacións formuladas. O informe resultante poñerase á disposición das persoas interesadas e notificaráselles ás administracións ás que se lles dese trámite de informe e aos particulares que presentasen alegacións. Finalmente, resolverase tamén sobre a aprobación do expediente de información pública.

Logo de revisados os informes emitidos e as alegacións formuladas, procede introducir as seguintes modificacións relativas ao trazado sometido á información pública:

- O itinerario da senda pasa a ser de uso exclusivo peonil.
- Executaranse zonas de aparcamento ao longo do trazado da senda.
- Incluíranse zonas de paradas de autobús cos seus refuxios correspondentes, para o que se actuará en zonas puntuais na marxe esquerda da estrada OU-402, para adaptar ditas zonas de parada de autobús.
- Modificarase o deseño do pavimento e da sección transversal da senda nos primeiros 30 m do trazado, para dar cumprimento aos condicionantes estipulados no informe emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para a autorización da intervención.

Tendo en conta os cambios realizados no proxecto construtivo orixinal como consecuencia da información pública, a expropiación necesaria para executar as obras previstas incrementou o número de parcelas afectadas. Inclúese a continuación unha táboa actualizada coas novas expropiacións:

REF. CATASTRAL	PROPIETARIO	SUP. (m <sup>2</sup> )	CLASE USO DO SOLO	BENS AFECTADOS
1594601NG9819S0001BF	Formoso Álvarez, María Lourdes	119	UR Residencial	Muro de fábrica para valado de parcela: 37,20 m
0995506NG9809N0001ZW	Muñoz Vázquez, Roberto José Muñoz Vázquez, José Miguel	47	RU Agrario	Muro de fábrica para valado de parcela: 24,60 m Porta de acceso a parcela metálica: 2ud.

Coa finalidade de facilitar a execución das actuacións proxectadas, o proxecto inicial "Itinerario peonil e ciclista na OU-402, treito Reza. P.Q. 1+090 - 3+780", de clave: OU/16/270.06, segregase en dous proxectos construtivos, cada un dos cales recolle cada unha das sendas consideradas mantendo o trazado sometido a información pública e considerando as modificacións anteriores. Estes proxectos son:

- "Fomento da mobilidade sostible. Nova senda na OU-402. Treito: Reza. PP.QQ. 1+090-3+780, de clave OU/19/135.06.1, que recolle o itinerario peonil da estrada OU-402.
- "Fomento da mobilidade sostible. Senda na beira do Miño (Termas de Outariz)", de clave OU/19/135.06.2, que recolle a senda na marxe dereita do río Miño.

Desestímense as demais alegacións e modificacións propostas, de acordo coas xustificacións e fundamentos que constan no expediente de información pública.

Terceiro.- O artigo 22.2 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño, establece que no caso de estudos ou proxectos sometidos aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas, unha vez emitido o informe sobre as alegacións presentadas, o órgano competente da administración promotora da actuación debe adoptar a correspondente resolución, que pode ser de aprobación definitiva de todo o ámbito do estudo ou proxecto ou ben só dunha parte deste.

No seu apartado 5, o mesmo artigo indica que a aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará a declaración de utilidade pública, a necesidade de

ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para a reposición de servizos afectados así como para a traza de planta do proxecto e as modificacións desta que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes.

No punto 6 do mesmo artigo 22 indícase que "logo de aprobados definitivamente os anteprojectos, projectos de trazado ou projectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos nesta lei serán efectivas respecto dos terreos que afecte a actuación correspondente.

Cuarto.- De acordo co que establece o artigo 23 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño os estudos e projectos sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e informe das administracións afectadas, unha vez aprobados definitivamente, teñen a consideración de projectos sectoriais de incidencia supramunicipal, segundo o disposto na lexislación autonómica de ordenación do territorio, e as determinacións que neles se conteñen terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente, sen prexuízo de que as entidades locais nas que se asenten as infraestructuras obxecto do proxecto deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto.

O presente proxecto contén as determinacións do planeamento do Concello de Ourense que, na súa primeira modificación ou revisión, deben ser modificadas como consecuencia desta aprobación.

De acordo con todo o exposto,

#### RESOLVO

Primeiro. Aprobar o expediente de información pública do proxecto de construción: "Itinerario peonil e ciclista na OU-402, treito Reza. P.Q. 1+090 - 3+780", de clave: OU/16/270.06, coas modificacións relativas ao trazado sometido á información pública que se indican no fundamento de dereito segundo.



Segundo. Aprobar o proxecto de construción: "Fomento da mobilidade sostible. Nova senda na OU-402. Treito: Reza. PP.QQ. 1+090-3+780, de clave OU/19/135.06.1, que recolle o itinerario peonil da estrada OU-402, nos termos indicados no fundamento de dereito segundo.

Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.>>

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2021.



A Consellería de Infraestructuras e Mobilidade

Por delegación, Orde do 07/09/2017, Diario Oficial de Galicia 20/09/2017

O director da Axencia Galega de Infraestructuras

Francisco Menéndez Iglesias

